



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 15 DE OUTUBRO DE 2014

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

CONCELLEIROS/AS

D. PEDRO J. FERNÁNDEZ MANIN (PP)
D^a MERCEDES JOSEFINA GONZÁLEZ ALONSO (PP)
D JOSÉ ÁNGEL PALEO SOTO (PP)
D RAMÓN SIXTO LEGASPI (MEMBRO NON ADSCRITO)
D^a ANA ISABEL VILLARINO ALONSO (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D ENRIQUE COTARELO GARCÍA (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D JOSÉ MANUEL CASABELLA OTERO (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D XAIME CANCIO RODRÍGUEZ (MEMBRO NON
ADSCRITO)
D^a ANA MARÍA LÓPEZ CAMPOAMOR (UNIFOZ)
D^a M^a ANGELES VEIGA VARELA (UNIFOZ)
D. XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA (MIXTO-BNG)

Non asiste a Concelleira D^a. M^a TERESA LÓPEZ REGO
(PP)

INTERVENTOR

D. ANTONIO R. LESTEGAS MOREDA

SECRETARIA

D^a. ANA BARREIRO GÓMEZ

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida celebración da sesión (doce dos trece concelleiros/as que de dereito compoñen a corporación), o señor alcalde declara aberto o acto e, seguidamente, éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día, cursado xuntamente coa convocatoria, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de acordos, nos termos seguintes:

1º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2013.- O señor ALCALDE da as grazas a todos os Concelleiros/as asistentes e di que esta celeridade débese para cumprir os prazos que establece a Lei. O prazo de exposición pública da Conta Xeral do exercicio 2013 rematou o día 14 de outubro de 2014, e por iso se convocou para hoxe o Pleno.-

Di que é unha Conta con resultado favorable, con superávit, con matices, posto que hai bastantes dereitos recoñecidos que se cobrarán este ano, ademais dos resultados que quedaron fora de contabilidade. O aforro neto é positivo, é un remanente de Tesourería positivo, un ratio de endebedamento baixo. As actas de arqueo é de 970.000 euros, que pode variar de mes en mes.-

A Voceira de **UNIFOZ, ANA Mª LÓPEZ CAMPOAMOR**, manifesta que non van a votar en contra aínda que non están de acordo coa súa xestión, pero queren que se sigan os trámites. Vanse abster porque non están de acordo coa xestión e coas propostas que fixeron e que non se levaron a cabo.-

Intervén o **CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, RAMÓN SIXTO LEGASPI**, e di que eles tamén se van abster para que continúe o trámite, pero non están de acordo coa xestión levada a cabo, hai moito gasto, que se ve refrexado nela e pagase tarde, mal e arrastro, e sempre culpa do anterior Goberno, pero xa se ve que non é a culpa do anterior Goberno, xa que están levando unha mala xestión.-

Intervén o **CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, e di que tampouco está de acordo coa tramitación levada a cabo, xa que se puido expoñer antes ao público, é culpa do Goberno non dirixir as actuacións da Corporación. É unha mala xestión de goberno, hai moitos reparos de Intervención, facturas, contratos sin sacar, etc.- Él vaise abster.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2013 a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: PP
- Votos en contra: NINGUN
- Abstencións: (2) UNIFOZ; (1) MIXTO-BNG e (5) MEMBROS NON ADSCRITOS

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables, queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

PRESTAR APROBACIÓN Á CONTA XERAL DO EXERCICIO 2013 EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-

2.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO N° 2/2014.- O señor **ALCALDE** expón que se debeu de extraviar no extraxudicial anterior, e quere que se aprobe porque procede de un contrato coa Oficina de Planeamento.-

A Voceira de **UNIFOZ, ANA Mª LÓPEZ CAMPOAMOR**, di que non entende cómo se pode demorar en datas tan dispares, e aínda que non están de acordo co trámite, vanse abster.-

Intervén o Voceiro do **MIXTO-BNG, XAN CARLOS GONZÁLEZ BASANTA**, e di que tampouco entende a demora dentro do Concello e que é excesivo o gasto con respecto a moitos dos gastos necesarios, e que se poderían ver afectadas as súas facturas, e quere saber canto se leva gastado na aprobación do Plan Xeral.-

O señor **ALCALDE** contesta que se leva gastado ao redor de 150.000 euros.-

Intervén o **CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, RAMÓN SIXTO LEGASPI**, e pregunta si para este trámite había unha subvención.-

O señor **ALCALDE** contesta que ao rematarse o trámite tamén se segue co trámite da subvención.-



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, **RAMÓN SIXTO LEGASPI**, di que se ven aquí é porque está traspapelado, e pide que non se transpapele e que haxa máis eficacia na xestión.-

Intervén o CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, **XAIME CANCIO RODRÍGUEZ**, e di qué cómo que está traspapelado?. Di que hai moita demora, e que está no extraxudicial porque non está nas partidas do orzamento, así o pon o Interventor no seu informe. Non entende o extravío. Quere que se traia a aprobación do Plan Xeral ao Pleno.-

O señor **ALCALDE** di que cómo quere que se traia a Pleno se vostedes o pararon no ano 2009.-

Debatido suficientemente o señor alcalde somete a aprobación o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 2/2014 a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

- Votos a favor: PP
- Votos en contra: NINGUN
- Abstencións: (2) UNIFOZ; (1) MIXTO-BNG e (5) MEMBROS NON ADSCRITOS

Consecuentemente, obtida maioría de votos favorables, queda proclamado polo señor presidente o acordo acadado, deste xeito:

PRESTAR APROBACIÓN AO RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO Nº 2/2014, EN TODOS OS SEUS EXTREMOS E NOS SEUS PROPIOS TERMOS.-

Concluído o anterior, ás nove horas e trinta minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor alcalde titular levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, certifico.-

O ALCALDE-PRESIDENTE

A SECRETARIA

JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

ANA BARREIRO GÓMEZ

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE)